



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

14 de Agosto de 2025

Lugar

SALON DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:02

Hora de Finalización

10:18

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

CRISTINA GOMEZ DOBARRIO
DANIEL DE DIOS MANSO
EMILIO FERNANDEZ PARADA
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 17.06.2025 (ACTA 6/2025)

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha observación ao contido da acta en cuestión.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) dí que na intervención do Sr. Alcalde en relación co convenio coa Comunidade de Montes de Nocedo do Val, tivo a sensación de que, sen nomeala directamente, o Sr. Alcalde referíuse á Comunidade de Montes de Castrelo do Val, como que era a que non colaboraba có Concello na execución de obras de interese xeral.

O Sr. Alcalde respostoulle, que non o foi así; senon que cando citou ás comunidades de Campobeceros, Pepín, Vilar, Sanguñedo, Veiga de Nostre, Fontefría e Portocamba, foi por facer constar o seu agradecemento a todas elas por anteriores colaboracións có Concello en materia de infraestruturas; fronte a outras comunidades que fan as obras que estiman oportunas sen consultar có Concello.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) dí que, o ano pasado, a Comunidade de Montes de Castrelo do Val veu ao Concello para pedir un convenio para limpeza do perímetro na zona de Castrelo do Val, e vostedes non lle diron resposta.

O Sr. Alcalde respostoulle, que entende que o Concello non podería facer esa limpeza ao tratarse de propiedades privadas, polo que actuar en elas podería constituir unha prevaricación. E remata sinalando que non fixo referencia especificamente de non colaborar





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

có Concello; xa que hai varios, como Marbán, Ribas e outros; que non falou da Comunidade de Montes de Castelo do Val en concreto; senon que foi por dar as gracias as que sí colaboran co Concello.

Tralo que a acta apróbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

2º. FESTIVOS LOCAIS 2026

Logo de ver o oficio remitido pola Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de Ourense, na que se determinan os festivos de carácter autonómico, así como as festas de ámbito estatal para o vindeiro ano **2026**; e como queira que no mesmo recóllese que cada concello debe de realizar a proposta das festas locais á xefatura territorial antes do vindeiro 1 de setembro de 2025.

Polo Sr. Alcalde pásase a dar conta da proposta de fixación dos dous festivos para o ano **2026**, concretamente, o día **18 de febreiro**, Mércores de Cinsa; e o día **8 de setembro**, Nosa Señora dos Remedios.

Aberto un turno de intervencións, producíronse as seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**) que dí que poderíase poñer o 16 de xullo, día do Carme, en vez do 18 de setembro; un pouco pola xente que traballa en empresas en Castelo (Alpixendra, Ecoagro...); aínda que tampoco é que se opoñan a proposta de que se fagan coincidir os festivos cós do concello de Verín.

O Sr. Alcalde respostoulle que xa se puxo o 16 de xullo como festivo un par de veces e non funcionou demasiado ben a idea.

Sometida a proposta a votación, o Pleno, por **cinco** votos a favor (PSdeG-PSOE), **dous** en contra (PP) e sen abstencións; dos sete membros que legalmente o forman, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Fixar como festivos locais no Concello de Castelo do Val para o ano **2026** os días:

- 18 de febreiro, Mércores de Cinsa.
- 8 de setembro, Nosa Señora dos Remedios.

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de Ourense.

Consecuentemente, a proposta alternativa de fixar como festivo local en 2026 o día 16 de xullo, queda rexeitada por cinco votos en contra (PsdeG-PSOE) e dous votos a favor (PP)





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

O Sr. Alcalde lembra que o xoves catro de setembro, corresponde a celebración da sesión ordinaria do Pleno; data que coincide coas vacacións do Secretario e, ademais, estase en espera da aprobación da posible nova financiación municipal polo Goberno; polo que anuncia que, para poder facer un expediente de modificación de créditos, convén demorar a celebración desa sesión ata, polo menos, o xoves 18 de setembro.

Os presentes quedan enterados.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

